



Concello de Cuntis

BASES PARA SELECCIÓN DE PERSOAL TECNICO PARA OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO DE CUNTIS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto da presente convocatoria regular a contratación dun traballador/a na oficina de turismo do Concello de Cuntis, en réxime laboral temporal, a tempo completo, e na modalidade de contrato para a realización de obra ou servizo determinado de conformidade co establecido no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada (Hoxe RDL 2/2015 TRLET).

A presente selección enmárcase dentro das Bases reguladoras para a concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o financiamento dos custos da dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo rías baixas publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 27 de 10 de febreiro de 2021.

SEGUNDA. RÉXIME E MODALIDADE DE CONTRATACION.

A contratación realizarase para a realización da obra ou servizo determinado denominada “Servizo de información turística tempada de verán 2021”, a xornada completa, segundo a memoria que figura no expediente de solicitude da axuda mencionada. A duración do contrato será de tres meses.

TERCEIRA.- REQUISITOS

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- d) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Titulación: Deberá dispoñer dalgún dos seguintes títulos: -Diplomatura / Grao en Turismo -Ciclo Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas ou Ciclo Superior en Comercialización Turística e Guía ou Ciclo superior de xestión de aloxamentos turísticos, Certificado de profesionalidade e promoción turística local e información ao visitante (Código HOTI0108)

CUARTA.- PROCEDEMENTO, PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN

A selección realizarase mediante a modalidade de concurso-oposición na que os méritos e as capacidades dos concursantes valoraranse mediante a realización de determinadas probas.

A puntuación máxima obtida nas probas prácticas será de 6 puntos e a obtida pola valoración de



Concello de Cuntis

méritos de ata 4 puntos. PARA ACCEDER Á FASE DE VALORACIÓN DE MERTIOS SERÁ NECESARIO ACADAR UNHA PUNTUACION MÍNIMA DE 3 PUNTOS NA FASE DE OPOSICIÓN.

Farase unha convocatoria pública a través dun diario dos de maior difusión na provincia así como da páxina WEB do Concello de Cuntis.

Unha vez publicada a convocatoria darase un prazo de 5 días naturais para presentar a solicitude de participación no proceso selectivo xunto coa documentación seguinte:

- Copia DNI (obligatorio)
- Copia da titulación requirida (obligatorio)
- Vida laboral (se é o caso)
- Copia de contratos de traballo ou certificados que acrediten a prestación dos servizos para os que se convocan as prazas.(se é o caso)
- Copia dos cursos realizados (se é o caso)
- Certificado de galego (se é o caso)

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo estenderanse no impreso normalizado de solicitude que se adxunta no Anexo I e dirixiranse ao Sr. Alcalde.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Cuntis, sito na Praza da Constitución nº 4, dentro do horario de atención ao público, de 9 a 13 horas de luns a venres ou a través da súa sede electrónica.

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento Administrativo Común. **Cando a solicitude (Anexo I) non se presentase fisicamente no Rexistro do Concello ou na súa sede electrónica, deberá anunciarse a súa chegada ao e-mail cfoaran@concellodecuntis.es. ISTO SERÁ REQUISITO IMPRESCINDIBLE PARA TER EN CONTA ESTAS SOLICITUDES.**

Presentada a documentación sacarase unha lista provisional de persoas admitidas e excluídas, dando un prazo de dous días hábiles para presentar alegacións, pasado o cal se sacará a lista definitiva, esta lista provisional elevaráase a definitiva no caso de non haber persoas excluídas, **FIXANDO DATA, HORA E LUGAR PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS CORRESPONDENTES.**

QUINTA. - Valoración de candidatos/as


1º Realización de probas teórico- prácticas: Puntuación entre 0 a 6 puntos

Proba de Galego. (1,00 punto)

Os/as candidatos/as non terán que realizar esta proba en caso de dispor do CELGA 4 ou superior; para elo deberán acreditalo documentalmente. Neste caso, a achega do CELGA 4 ou superior, valorarase con 1 punto

En caso de non posuír o CELGA 4 ou superior o/a candidato/a deberá realizar unha proba de galego que consistirá na realización dunha proba ortográfica con 10 preguntas, que se valorarán con 0,1 punto cada unha delas, no caso de acerto e con 0 puntos en caso de erro.

Proba práctica: 0 a 5 puntos, realizarase unha proba teórico-práctica que consistirá na elaboración de documentación técnica, informe, memoria ou similar en relación coas funcións a exercer e co temario que aparecen a continuación, dispoñendo dun tempo de 30 minutos para a





Concello de Cuntis

súa realización.

Temario e funcións a desempeñar:

Temario:

1. A Constitución Española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.
2. Tipos de Oficinas de Información Turística.
3. Actividades das Oficinas de Turismo.
4. Tipos de Atención ao Público.
5. Soportes de difusión da información turística.
6. Casco histórico e visitas guiadas. Monumentos e puntos de interese turístico.
7. Patrimonio natural. Sendas, espazos recreativos...
8. Patrimonio arquitectónico. Relixioso e señorial.
9. Arte rupestre en Cuntis.
10. Castro de Castrolandín

As súas funcións estarán relacionados fundamentalmente coas actuacións que se levan a cabo dende o departamento de turismo do Concello, aínda que realizará colaboracións puntuais con outros departamentos, (deportes, cultura, xuventude ou medio ambiente, entre outros), na organización de diferentes eventos competencia destes departamentos.

Organización de visitas a lugares de interese do Concello, relacionados co patrimonio histórico, etnográfico, natural e paisaxístico.

Servizo de atención personalizada a visitantes e persoas demandantes de información turística en xeral.

Elaboración de informes, estudos, memorias, propostas de actuacións e outra documentación, para o Concello, relacionada co seu ámbito de actuación.

Tramitación e xestión de expedientes de axudas relacionados.

2º Valoración de méritos. Puntuación entre 0 e 4 puntos como máximo.

Na fase de valoración de méritos, terase en conta o seguinte baremo:

2.1- Experiencia laboral: Máximo 3 puntos, **Acreditase coa vida laboral e contratos de traballo ou certificados** que acrediten a prestación de servizos relacionados coas funcións definidas no apartado anterior.


Por cada mes traballado na administración pública 0,05 puntos .

Por cada mes traballado noutros ámbitos 0,03 puntos.

O cálculo farase tendo en conta a seguinte fórmula: (días cotizados/30 x puntuación por mes).

2.2 – Cursos relacionados coas funcións a desempeñar, puntuación máxima 1 punto.

Valorarase a razón de 0,05 puntos por cada 20 horas de formación (Non se valoraran curso de menos de 20 horas lectivas)





Concello de Cuntis

Acreditaranse coa copia dos diplomas dos cursos, tendo en conta o parágrafo seguinte

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos non se valorarán. Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Cando só unha parte das horas lectivas do curso teña que ver coas funcións a desempeñar, este non se valorará.

Unha vez valoradas as probas e os méritos de cada solicitante publicarase un listado coas puntuacións obtidas tanto na proba teórico-práctica como na valoración de méritos por orde de puntuación dos/as candidatos/as, facendo a proposta de contratación en función das puntuacións obtidas. O resultado comunicáraselle persoalmente á persoa seleccionada e o resto poderá consultar os listados coas puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello.

No caso de empate, será seleccionada a persoa que alcance máis puntuación na proba práctica e, en caso de continuar existindo empate poderase facer unha entrevista persoal sobre as funcións a desempeñar descritas que se valorará entre 0 e 1 puntos.

SEXTA.- O Tribunal, que será nomeado pola alcaldía, propondrá a esta o/a aspirante máis idóneo para a súa selección, e estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta: Vanessa Reboredo Fraga, funcionaria do Concello de Cuntis,

Secretario: Alejandro Juantey Regalado, interventor accidental do Concello de Cuntis

Vocais:

José Antonio Sánchez Estévez, Axente de desenvolvemento local do Concello.

Maria del Carmen López Campos, Técnica de cultura e xuventude do Concello.

Irene Calvo Antelo, Orientadora laboral do Concello.

Será causa de abstención e recusación dos membros do Tribunal as establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza como mínimo de tres dos seus membros con dereito a voto, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza da presidenta e o Secretario.


O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

As presentes bases autorizan o abono das asistencias por participación en tribunais que, no seu caso, procedan, de conformidade coas BEO do Concello de Cuntis.

SÉTIMA. –DURACIÓN DO CONTRATO, RETRIBUCIÓN.

1.A duración do contrato estenderase durante un período de tres meses, a previsión é dende o 1 de xullo ata o 30 de setembro.

2.As retribucións brutas mensuais serán de 2.076,42 € en concepto de Salario e P.P. Extras






Concello de Cuntis

OITAVA. O candidato/a que obteña máis puntuación, na suma dos apartados anteriores, será o/a que ocupe o posto de traballo convocado. Crearase un sistema de reserva en función das puntuacións para cubrir as posibles baixas no contrato obxecto desta convocatoria.

NOVENA: RÉXIME XURÍDICO

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I





Concello de Cuntis

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

CONVOCATORIA DE PROBAS SELECTIVAS PARA A SELECCIÓN DE 1 TECNICO/A EN
TURISMO EN RÉXIME DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL.

D/D^a.....

con D.N.I., con domicilio a efectos de notificacións na
rúa....., núm.....,
de....., código
postal..... Teléfono.....-e-mail.....
.....

MANIFESTA que, ben enterado/a do contido das Bases que rexen a convocatoria de referencia, cumpre todos e cada un dos requisitos recollidos nas Bases Terceira e Cuarta con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, E AUTORIZA TAMÉN A UTILIZACIÓN DO E-MAIL (ENTRE OUTROS MEDIOS) PARA AS NOTIFICACIÓNS RELATIVAS A ESTE PROCEDEMENTO.

[] Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e solicito ser admitido/a á referida convocatoria e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

[] Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

XUNTO COA SOLICITUDE ACOMPAÑO (Sinalar o que se acompaña):

Fotocopia do DNI

Xustificante estudos realizados

Vida laboral e Contratos de traballo ou certificados de empresa (se é o caso)

Certificado de galego (se é o caso)

Copias cursos (se é o caso)

Cuntis, de de 200....

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS

